

CATÁLOGO

Recóllese a continuación o catálogo que se deriva do estudo realizado a cabo para o ámbito da presente modificación puntual.

Os elementos catalogados son os seguintes:

01. Dous hórreos na Chan
02. Pombal na Chan
03. Tres casas tradicionais na Praza da Fonte.

Para estes elementos fíxase o ámbito do elemento catalogado e un contorno de protección. Dada a proximidade dos elementos os contornos de cada un deles superponse.

As obras que se poden levar a cabo en cada un dos elementos catalogados regularanse polo disposto na Lei 5/2016, do Patrimonio Cultural de Galicia, en función do grao de protección outorgado en cada unha das fichas.

As autorizacións para intervencións e actuacións dentro dos contornos de protección regularanse polo indicado na precitada lexislación.



CATÁLOGO DE PROTECCIÓN DE BENS CULTURAIS. ARQUITECTÓNICO

CODIFICACIÓN

PLANIMETRÍA PXOM

01

MP-05

DENOMINACIÓN		CATEGORÍA:	
Tres hórreos na Chan		Arquitectura popular	
LUGAR		PARROQUIA	
A Chan		Carballedo (San Miguel)	
COORDENADAS UTM (ETRS89)			
Hórreo 1: X: 542621 / Y: 4.702.422	Hórreo 2: X: 542622 / Y: 4.702.408	Hórreo 3: X: 542.651 / Y: 4.702.377	

DESCRIPCIÓN:


Conxunto de tres hórreos no núcleo da Chan ocupando parcelas contiguas. Os hórreos sitúanse no interior de fincas privadas. Os dous primeiros ocupan unha posición central e o terceiro unha posición de borde sen chegar a situarse enriba do peche. Os tres hórreos son de tres, un e dous vanos respectivamente, e tipoloxía da zona de Pontevedra, contan con penais e linteis de pedra granítica, e doelas de madeira. O primeiro conserva sobre os penais pináculo e cruz. O segundo e terceiro non contan con estes elementos aínda que é probable que se perderan co tempo. O estado de conservación de todos é bo, sobre todo o terceiro, recentemente restaurado. Descoñécese a súa antigüidade motivo polo que non se pode afirmar que merezan a consideración de ben de interese cultural.

ESTADO DE CONSERVACIÓN	PROTECCIÓN/CONTORNO
Bo	Protección integral para cada un deles. Contorno de protección coincidente coa finca na que se sitúan. Este contorno fúndese co de elementos catalogados próximos.

REFERENCIAS	CLASIFICACIÓN LEXISLACIÓN DE PATRIMONIO	CLASIFICACIÓN PXOM
Sen referencias anteriores.	Ben catalogado, na categoría de lugar de valor etnolóxico	Solo urbano de núcleo rural

OBRAS PERMITIDAS

Permítese as obras de conservación, mantemento e todas as que condúzan á posta en valor do ben e en xeral as permitidas para o grao de protección correspondente na Lei 5/2016 de Patrimonio Cultural de Galicia ou lexislación que a substitúa. Dado o seu estado de conservación non se considera necesario acometer obras de urxencia ou preferentes. As intervencións nos bens así como as actuacións que se desenvolvan nos contornos de protección seguirán os criterios expresados na Lei 5/2016, de Patrimonio Cultural de Galicia ou lexislación que a substitúa.



Hórreos 1 e 2



Hórreo 3



CATÁLOGO DE PROTECCIÓN DE BENS CULTURAIS


CODIFICACIÓN

01

PLANIMETRÍA M.P. Nº3

MP-05

DENOMINACIÓN Tres hórreos na Chan	CATEGORÍA Arquitectura popular
LUGAR A Chan	PARROQUIA Carballedo (San Miguel)



escala: 1/2.000



CATÁLOGO DE PROTECCIÓN DE BENS CULTURAIS. ARQUITECTÓNICO

CODIFICACIÓN

PLANIMETRÍA PXOM

02

MP-05

DENOMINACIÓN	CATEGORÍA:
Pombal na Chan	Arquitectura popular
LUGAR	PARROQUIA
A Chan	Carballedo (San Miguel)
COORDENADAS UTM (ETRS89)	
X: 542.626 / Y:4.702.333	

DESCRIPCIÓN:		
Pombal circular situado na Chan, na parcela lindante coa da Casa Consistorial. Ocupa unha posición central dentro da parcela que ten suave pendente en dirección norte-sur. Trátase dunha edificación construída en cantería de granito, cunha elevada calidade na execución. Conta con cuberta a unha auga e cornixa intermedia para a entrada e saída das aves. O seu estado de conservación é bo a excepción da cuberta que necesita reparacións.		
ESTADO DE CONSERVACIÓN	PROTECCIÓN/CONTORNO	
Bo	Protección Estructural. Contorno de protección coincidente coa finca na que se sitúa. Este contorno fúndese co de elementos catalogados próximos.	
REFERENCIAS	CLASIFICACIÓN LEXISLACIÓN DE PATRIMONIO	CLASIFICACIÓN PXOM
Sen referencias anteriores.	Ben catalogado, na categoría de lugar de valor etnolóxico	Solo urbano de núcleo rural
OBRAS PERMITIDAS		
Permítense as obras de conservación, mantemento e todas as que conduzan á posta en valor do ben e en xeral as permitidas para o grao de protección correspondente na Lei 5/2016 de Patrimonio Cultural de Galicia ou lexislación que o substitúa. Dado o seu estado de conservación considérase prioritario acometer obras de conservación na cuberta. As intervencións no ben así como as actuacións que se desenvolvan no contorno de protección seguirán os criterios expresados na Lei 5/2016, de Patrimonio Cultural de Galicia ou lexislación que a substitúa.		



CATÁLOGO DE PROTECCIÓN DE BENS CULTURAIS


CODIFICACIÓN

02

PLANIMETRÍA M.P. Nº3

MP-05

DENOMINACIÓN Pombal na Chan	CATEGORÍA Arquitectura popular
LUGAR A Chan	PARROQUIA Carballedo (San Miguel)



escala: 1/2.000



CATÁLOGO DE PROTECCIÓN DE BENS CULTURAIS. ARQUITECTÓNICO

CODIFICACIÓN

PLANIMETRÍA PXOM

03

MP-05

DENOMINACIÓN	CATEGORÍA:
Tres casas tradicionais na Praza da Fonte	Arquitectura popular
LUGAR	PARROQUIA
A Chan	Carballedo (San Miguel)
COORDENADAS UTM (ETRS89)	
Casa 1: X: 542.673 / Y: 4.702.398; Casa 2: X:542.662 / Y: 4.702.408; Casa 3: 542.693 / Y: 4.702.433	

DESCRICIÓN:		
<p>Conxunto de tres casas tradicionais con fachada á Praza da Fonte. As casas ocupan as fachadas este e oeste da praza. As tres casas combinan a execución de muros con cachotería de grandes dimensións de granito e cantería do mesmo material en xambas, linteis e esquinais. A cuberta é de tella. As tres casas teñen o andar principal sobrelevado con respecto á rasante da rúa, xerando unha planta inferior de moi baixa altura, coa características de semisoto, na que historicamente se situaban dependencias auxiliares, fundamentalmente cuadras e bodegas. O acceso ó andar principal se realiza a través dunha escaleira exterior que accede a unha solaina, o que lles confire un aspecto diferenciador con respecto á arquitectura tradicional do contorno. O seu estado de conservación é bo.</p>		
ESTADO DE CONSERVACIÓN	PROTECCIÓN/CONTORNO	
Bo	Protección Ambiental. Contorno de protección coincidente coas edificacións, o seu contorno máis inmediato e a propia praza á que dan fronte. Este contorno fúndese co de elementos catalogados próximos.	
REFERENCIAS	CLASIFICACIÓN LEXISLACIÓN DE PATRIMONIO	CLASIFICACIÓN PXOM
Sen referencias anteriores.	Ben catalogado, na categoría de lugar de valor etnolóxico	Solo urbano de núcleo rural
OBRAS PERMITIDAS		
<p>Permítese as obras de conservación, mantemento e todas as que condúzan á posta en valor do ben e en xeral as permitidas para o grao de protección correspondente na Lei 5/2016 de Patrimonio Cultural de Galicia ou lexislación que o substitúa. Dado o seu estado de conservación non se considera necesario acometer obras de urxencia ou preferentes. As intervencións nos bens así como as actuacións que se desenvolvan nos contornos de protección seguirán os criterios expresados na Lei 5/2016, de Patrimonio Cultural de Galicia ou lexislación que a substitúa.</p>		



Casas 1 e 2



Casa 3



CATÁLOGO DE PROTECCIÓN DE BENS CULTURAIS


CODIFICACIÓN

03

PLANIMETRÍA M.P. Nº3


MP-05

DENOMINACIÓN Tres casas tradicionais na praza da fonte	CATEGORÍA Arquitectura popular
LUGAR A Chan	PARROQUIA Carballedo (San Miguel)



escala: 1/2.000





ANEXO I. CONVENIO ASINADO COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE CERDEDO-COTOBAD E PARA A REESTRUTURACIÓN DO ESPAZO PÚBLICO E MELLORA DA MOBILIDADE DO NÚCLEO DE A CHAN (CERDEDO-COTOBAD E)

En Pontevedra, a 9 de agosto de 2018

REUNIDOS

A Ilma. Sra. D. M^a del Carmen Silva Rego, na súa condición de presidenta da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude da competencia que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.

O Sr. D. Jorge Cubela López, alcalde-presidente do Concello de Cerdedo-Cotobade, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.

O Sr. D. José Luis Mato Rodríguez, vicesecretario da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto.

Ambas partes reconécese con capacidade para formalizar o presente convenio, en base ós principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas.

MANIFESTAN

I.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os art. 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, 57 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local e 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.



II.- Que segundo dispoñen os artigos 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, os municipios deberán prestar ós seus cidadáns, determinados servizos públicos en función da súa poboación.

III.- Que o artigo 36 da Lei 7/1985 e os artigos 109 e 110 da Lei 5/1997 encomendan ás deputacións a que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, a tal efecto, e co fin de posibilitar a consecución real e efectiva dos mesmos, é polo que se instrumenta o presente convenio dirixido ó cumprimento das obrigacións impostas pola normativa vixente.

IV.- A Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 0401 Carballedo – Caroi, que transcorre polo Concello de Cerdedo-Cotobade atravesando o núcleo de A Chan partindo dende a PO-233 ata a capela de San Roque entre o P.K. 0+000 e o P.K. 0+450.

V.- Neste núcleo concéntrase unha serie de equipamentos públicos tales como a Casa do Concello, o Centro de Saúde, entidades bancarias, etc. que dan servizo á poboación de todo o Concello e que encadran esta zona de A Chan como o principal núcleo urbano de Cotobade.

VI.- Que o Concello de Cerdedo-Cotobade está levando a cabo unha labor de urbanización en distintos viarios do lugar de A Chan, dentro da parroquia de Carballedo, coa fin de mellorar a accesibilidade.

VII.- A presenza da estrada provincial, coas actuais características atravesando o núcleo, dificulta a mobilidade en condicións de seguridade en especial dos peóns que acceden aos servizos públicos na zona.

VIII.- Preténdese por tanto unha actuación na estrada provincial que permita a transformación do espazo público co fin de crear un núcleo urbano de preferencia peonil mellorando ademais a seguridade viaria con medidas de calmado de tráfico.



IX.- Con fundamento en canto queda exposto, e sendo patente a vontade de colaboración das Entidades comparecentes, ámbalas dúas partes acordan a subscripción do presente convenio, consonte ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto:

O presente convenio ten por obxecto desenvolver o proxecto de actuación no tramo da estrada provincial E.P. 0401, que transcorre polo núcleo da Chan na parroquia de Carballedo no concello de Cerdedo-Cotobade, que permita a transformación do espazo público co fin de crear un núcleo urbano de preferencia peonil mellorando ademais a seguridade viaria con medidas de calmado de tráfico.

Segunda.- Importe:

O importe o que se refire a presente actuación ascende a catrocentos vinte e nove mil cento noventa e cinco euros con dezaseis céntimos (429.195,16 €) en Base Imponíble máis noventa mil cento trinta euros con noventa e oito céntimos (90.130,98 €) en concepto de IVE, o que ascende a un orzamento total de cincocentos dezanove mil trescentos vinte e seis euros con catorce céntimos (519.326,14 €).

Terceira.- Financiamento:

Os investimentos necesarios para a realización das mencionadas obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e Concello de Cerdedo - Cotobade mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

	Achega	%
Deputación de Pontevedra	363.528,30€	70
Concello de Cerdedo - Cotobade	155.797,84€	30
Total investimento	519.326,14€	100



A Deputación financiará 363.528,30 € (70 %) con cargo a aplicación 18/456 4530 612.02 do vixente orzamento provincial. A achega do concello, 155.797,84 € (30 %), efectuarase consonte o compromiso de consignación no orzamento municipal 2018, co medio de financiamento que se considere máis axeitado a situación do concello.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio tales como: os gastos de redacción do proxecto, contratos de servizo accesorios para a dirección control e seguimento da execución de obras, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

Cuarta.- Incidencias no desenvolvemento da obra:

Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras, por causas imprevistas, e que obriguen a unha modificación do proxecto, ou se produza un incremento ou diminución do seu custo, será financiada de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira.

Quinta.- Obrigas da Deputación Provincial de Pontevedra:

- 1) Correspóndelle a licitación, dirección, execución e recepción das obras contempladas no proxecto técnico do investimento obxecto deste convenio.
- 2) A redacción do proxecto técnico, descritivo das actuacións a levar a cabo.
- 3) Correspóndelle a obriga de remitir a información sobre o presente convenio ao Consello de Contas en aplicación do establecido no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e da súa normativa de desenvolvemento.

Sexta.- Obrigas do Concello:

O Concello de Cerdedo-Cotobade obrígase a:

- 1) Poñer a disposición da Deputación Pontevedra os terreos e as instalacións para poder levar a cabo a execución das obras relacionadas na cláusula primeira coa aportación da documentación que así o acredite.
- 2) Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.



- 3) Levar a cabo o mantemento da infraestrutura obxecto deste convenio, tendo a asunción da dita responsabilidade desde o día seguinte ao de formalización da acta de recepción da obra executada, momento no que serán obxecto de entrega ao concello pasando a ser da súa titularidade.
- 4) Solicitar a transferencia da vía, de conformidade co establecido na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia, tendo carácter o presente convenio de documento de solicitude formal de iniciación do procedemento de transferencia.
- 5) Darlle a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia que a remodelación da infraestrutura se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.
- 6) Antes da sinatura do presente convenio, o concello deberá achegar á Deputación de Pontevedra o compromiso do acordo, adoptado polo órgano que legalmente teña atribuída a competencia, conforme á lexislación propia de Réxime Local, á que fan referencia os apartados 1, 2, 3 e 4 anteriores.

Sétima.- Entrega:

Unha vez rematadas e recepcionadas as obras levarase a cabo o procedemento de transferencia do vial obxecto das mesmas por parte da Deputación Provincial de Pontevedra ao concello de Cerdedo-Cotobade.

Oitava.- Compensación de débedas:

O Concello de Cerdedo-Cotobade faculta expresamente á Deputación para reter e compensar con cargo ás cantidades que lle poidan corresponder toda clase de débedas vencidas e pendentes pago.

Novena.- Comisión de seguimento e control:

Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio, así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constitúese unha Comisión de Seguimento da que forman parte a presidenta, o alcalde ou persoas en quen deleguen, o Secretario da Deputación de Pontevedra ou persoa en quen delegue e un representante técnico de cada Administración.



As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, proponendo as actuacións que se consideren precisas.
- Proponer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do mesmo.
- En caso de que xurdiran controversias na aplicación do convenio, proponer ás partes a resolución das mesmas.

Esta comisión reunirse dentro do prazo de tres días, a contar dende a petición expresa realizada por calquera delas.

Décima.- Vixencia do convenio:

O presente convenio entrará en vigor na data da súa firma e terá vixencia ata o remate das obras, en todo caso ata o 31 de decembro de 2019.

A vixencia do presente convenio poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes intervinientes.

Undécima.- Resolución:

Serán causas de resolución o incumprimento das obrigas derivadas deste convenio de conformidade co disposto na normativa vixente.

Duodécima.- Normativa aplicable:

O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas establecidas e:

- Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime Local.
- Lei 5/97, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.
- Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico de Sector Público.
- Bases reguladoras da execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2018.
- E demais normativa de obrigado cumprimento.



Asemade, as partes quedan sometidas á Xurisdición Contencioso-Administrativa, a falta de entendemento previo pola comisión citada na cláusula novena, na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio, por duplicado e a un só efecto, no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

Pola Deputación Provincial de Pontevedra



Mª del Carmen Silva Rego

Polo Concello de Cerdedo-Cotobade




Jorge Cubela López

O vicesecretario provincial



José Luis Mato Rodríguez



PLANOS

PLANOS DE AVANCE DE PROPOSTA

Nº	TÍTULO	ESCALA
I-01	SITUACIÓN	1/15.000
I-02	NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO MUNICIPAL	1/10.000
I-03	SISTEMA VIARIO	1/15.000
I-04	ÁREAS CON ESPECIAIS VALORES PAISAXÍSTICOS OU MEDIOAMBIENTAIS	1/15.000
I-05	SIOSE	1/15.000
I-06	UNIDADES DE PAISAXE	1/15.000
MP-01	ESTADO ACTUAL DO SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL	1/1.000
MP-02	ORDENACIÓN VIXENTE	1/2.000
MP-03	ORDENACIÓN MODIFICADA	1/2.000
MP-04	PLANO DE ORDENACIÓN MODIFICADO	1/1.000
MP-05	CATÁLOGO	1/1.000
MP-06	PLANO CATASTRAL	1/1.000
MP-07	SERVIDUMES AERONÁUTICAS	1/15.000

